

**RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás explotacións agrícolas pertencentes á indicación xeográfica protexida Faba de Lourenzá e se convocan para o ano 2025. Axencia Galega da Calidade Alimentaria. DOG nº 122, (27/06/2025)**

### Obxectivo

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas aos titulares de explotacións agrarias inscritas no rexistro de plantacións da indicación xeográfica protexida **(IXP) Faba de Lourenzá**, para compensar parcialmente os sobrecostos de produción destas explotacións, e proceder á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MR302C).

### Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas e xurídicas titulares de explotacións agrarias situadas na área xeográfica delimitada para a IXP Faba de Lourenzá e que:

a) Sexan titulares dunha explotación inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia que estivese en **estado de alta con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025**, agás quen iniciase a actividade a través dun cambio de titularidade de explotacións en estado de alta con anterioridade a esa data.

b) Que a explotación estea **inscrita** no rexistro de plantacións da **IXP Faba de Lourenzá** e teña feita a declaración de **sementeira correspondente ao ano 2024**.

### Contía da axuda

1. A contía individualizada da axuda para cada persoa física ou xurídica beneficiaria será, como máximo, **de 2.000 € por hectárea** sementada con fabas destinadas á comercialización como Faba de Lourenzá.
2. Serán subvencionables as superficies cultivadas polas persoas inscritas no rexistro de plantacións da IXP Faba de Lourenzá que fosen obxecto de declaración de **sementeira durante o ano 2024**.
3. Non se concederán axudas superiores aos **20.000 € por persoa titular** e, no caso eventual de persoas titulares que teñan varias explotacións, computaranse na axuda o total das hectáreas declaradas no conxunto das explotacións.
4. No caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para facer fronte ás axudas solicitadas por todas as persoas beneficiarias, procederase ao rateo.

### Compatibilidade das axudas

A percepción das subvencións previstas nesta resolución será **incompatible** coa de calquera outra que, para a **mesma finalidade** e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

## Documentación complementaria

Para este procedemento non é preciso achegar documentación complementaria xa que esta pode ser obxecto de consulta ás administracións públicas se a persoa solicitante dá o seu consentimento á dita consulta

## Presentación de solicitudes

O prazo para presentar a solicitude vai dende o 28 de xuño ao **28 de xullo de 2025**.

## Réxime de minimis

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de axudas de *minimis*.